

CONCLUSIÓNS

Conclusións dos XXIV Encontros para a normalización lingüística

Arte e lingua como ferramentas de construción masiva
Santiago de Compostela. Xoves, 20 de outubro de 2022

A partir das intervencións das persoas convidadas, e dos debates, preguntas e comentarios realizados polas e polos participantes, a Comisión Técnica do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (<http://consellodacultura.gal/arquivos.php>), organizadora dos XXIV Encontros para a normalización lingüística (*Arte e lingua como ferramentas de construción masiva*), elaborou este documento conclusivo que cre pertinente facer de dominio público.

A arte non ten obrigas con ningunha outra causa que non sexa ela mesma (*a arte non debe nada*) e o compromiso do artista co seu traballo. Pero tamén é certo que calquera manifestación artística se integra nunha tradición histórica (para seguila ou para rachala) que interpela á comunidade que a comparte, e pode axudarlle a acometer mudanzas sociais ou –no caso que nos ocupa– lingüísticas.

Por iso, se o/a artista así o quere, a arte pode axudar a construír e reforzar unha identidade colectiva de nación. E, reciprocamente, esa identidade tamén pode

CONCLUSIÓNS
CCG



Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela

—
+34 981 957 202
consellodacultura.gal



fornecerlle á/ao artista elementos chave da súa personalidade artística, nomeadamente naquelas disciplinas que teñen como elemento central a palabra.

Se nos fixamos nestas últimas vemos que no contexto galego se manifesta en xeral un importante compromiso coa lingua propia, tanto a nivel individual como colectivo (púxose o exemplo da Asociación de Narración Oral Galega – NOGA– que establece o uso do galego nos espectáculos como condición para poder integrarse nela).

En situacións así, nas que ese compromiso existe, as artes son un bo vehículo para achegarse á lingua ou reforzar a relación con ela, tanto para artistas coma para o público.

En xeral, o público ten interese polos produtos artísticos en galego e valóraos positivamente. Pero é necesario que eses produtos se adapten ás particularidades e aos xeitos de consumo que ese público ten no presente para que aumenten o seu atractivo.

Iso pode precisar de estratexias diferentes. Nuns casos, hai que provocar un cambio nas percepcións: produtos –como os zocos de Elena Ferro, ou a música e o baile de raíz tradicional– que no pasado se vincularon ao mundo rural e a condicións de vida precarias (*non quero ver máis zocos nin pan de millo*, contaba a propia Elena que lle dicían nas feiras) reinvéntanse como sinal de modernidade a través da evolución da tradición. Porque como dicía X. A. Touriñán, hai que traballar a estratexia de *molar*: con independencia da disciplina artística da que se trate, os produtos en galego deben venderse desde a contemporaneidade, a empatía e incluso o humor. Porque o humor e a comedia contribúen decisivamente a mellorar a autoestima colectiva e a superar prexuízos historicamente asentados.

Pero tamén é preciso que eses públicos potenciais teñan coñecemento da existencia dos produtos artísticos e culturais en galego. Neste sentido, en todas as palestras se coincidiu en destacar os grandes medios de comunicación do país (privados e sobre todo públicos) deberían desenvolver con maior compromiso a súa función de mediación e posta en valor da actividade artística que aquí se realiza. Entre as conclusións dos encontros destaca que o gran problema do sector artístico galego é a escasa difusión..

Na medida en que os produtos culturais teñen unha reducida presenza nos medios propios percíbese que gaña peso o éxito no exterior (en Madrid ou



noutras metrópoles europeas) como lexitimador de facto da calidade das producións artísticas do país. Nestes últimos anos vimos exemplos (na música, coas Tanxugueiras ou con Baiuca, na literatura, cos premios a Xesús Fraga ou Marilar Aleixandre, ou ás poetas novas galegas, como Alba Cid...) en que –alén da calidade desas creacións– o recoñecemento fóra de Galicia foi o empurrón que abriu a porta ao éxito aquí.

O anterior amosa os puntos febles do sistema mediático galego; pero tamén pon de relevo a importancia de visibilizar fóra, con medios e estruturas potentes, a calidade creativa das propostas artísticas do país. E fai máis esencial sermos quen de aproveitar as vantaxes das canles de comunicación alternativas, baseadas nas redes sociais (YouTube, Instagram, TikTok, Facebook...), para proxectar a produción artística e cultural en galego.

Ao igual que acontece coa análise do papel desempeñado polos medios de comunicación, nos Encontros tamén se percibiu que a actuación das diferentes administracións públicas é susceptible de mellora. As axudas ao sector das artes son escasas e parecen estar moito máis estigmatizadas ca as que se ofrecen a outros sectores produtivos. Cando existen, poden axudar a que nazan proxectos ou iniciativas, pero non se apoia a continuidade deles, como graficamente explicou Kiko da Silva coa frase *sementamos, crece e ninguén coida...*

Máis alá da axuda directa, as administracións deberían ser máis activas á hora de facer valer o seu poder de compra/contratación, encargando ou promovendo produtos artísticos en lingua galega ou que transmitan valores positivos asociados a ela. Xusto é recoñecer que neste aspecto se percibe unha actitude diferente nas entidades que contan con servizos activos de normalización lingüística.

E esas axudas das administracións deberían coidar especialmente as creacións emerxentes (axudas directas ao talento creador e non só á produción artística ou cultural) e os sectores estratéxicos da cultura galega.

Ata agora pensamos en quen ve/le/escoita unha obra artística como *público*. Pero en moitos casos non é así, senón que arredor das manifestacións artísticas, quer para crealas/xestionalas quer para participar nelas, xéranse auténticas *comunidades*. E probablemente sexa neste tipo de contextos onde a arte poida estimular mellor mudanzas de actitudes ou comportamentos lingüísticos.



A creación mancomunada de infraestruturas, equipamentos e servizos de xestión pode chegar a ser fundamental para que as empresas que se dedican á produción cultural (maiormente microempresas) poidan acadar a viabilidade. Pero neses espazos colectivos tamén se transmiten e se interiorizan valores, actitudes e comportamentos lingüísticos que poden acabar estendéndose a outros artistas pola vía do exemplo.

Dentro destas iniciativas que crean *comunidade*, as experiencias de colaboración en teatro, música ou danza con entidades de países lusófonos son un caso particular, pois xeran oportunidades interculturais nas que o galego é un elemento de valor evidente.

Pero máis relevantes aínda son as comunidades entendidas como espazos de socialización nos que se transmiten valores como a igualdade entre homes e mulleres ou o respecto/afecto pola lingua galega, e que se converten en “espazos seguros” para experimentar a práctica neste idioma vinculada a actividades de importante valor simbólico e afectivo.

Varias foron as palestras nas que se expuxeron exemplos concretos desta realidade:

- Falouse dos casos de mozas e mozos que chegan como castelanfalantes ás asociacións culturais para aprender a bailar ou tocar un instrumento tradicional, e alí atopan un espazo amable no que comezar a introducir o galego nas súas interaccións entre iguais.
- Falouse do teatro, que pode mellorar as actitudes do público cara á lingua galega, e incluso estimular o uso cando se trata de teatro amador ou escolar.
- Falouse de diferentes iniciativas vinculadas á festa (Castelo Conta, Feira do Novo Circo Galego ou Eferro Foliada), entendida como espazos de encontro interxeracional nas que se dan as condicións para a transmisión da lingua e da cultura a ela asociada.

Estes espazos de socialización comunitaria son aínda máis relevantes nun contexto coma o actual no que o espazo escolar sofre unha situación adversa, coa prohibición expresa de impartir as materias científicas en galego, e coa exclusión indirecta provocada polas seccións bilingües. Xa que logo, é máis necesario ca nunca crear e afortalar canles de colaboración estreita entre as iniciativas que xeran este tipo de espazos e os centros de ensino ou os axentes normalizadores.